

LICENZA SOCIAL

Da inxuedanza da maioría das Federacións Autonómicas de Motociclismo adscritas a RFME xurde a iniciativa de tratar de achegar ao deporte do motociclismo a aquelas persoas afeccionadas que por algún motivo (económicos, por nivel de pilotaxe, etc.) non se deciden a iniciarse neste deporte participando nas competicións. Coa finalidade de permitir aos afeccionados introducirse no deporte de forma non competitiva, as federacións autonómicas están creando licenzas a prezos máis económicos que permitan participar nas probas (sen puntuar para os Ctos. Galegos), probas sociais e adestramentos autorizados polas respectivas federacións. Por este motivo a Federación Galega de Motociclismo crea a **licenza non competitiva denominada SOCIAL para participar en probas que inclúan a categoría social (sen puntuar para campionatos galegos). Válida para adestramentos sempre que sexan comunicados na zona privada de federado con anterioridade.**

Esta Licenza poderá ser anual (para toda a tempada) ou para un só evento (adestramento ou proba social). Será concedida a quen a solicite e cumprimenten os trámites correspondentes (solicitud de licenza, fotocopia do DNI e do carné de conducir – obrigatorio para eventos de Enduro en vías abertas - ou certificado médico de aptitude física, xustificante de pago e os menores ademais autorización do pai, nai ou titores).

SOCIAL ANUAL: 175 € (dende a data de trámite ata 31 de decembro)

SOCIAL 1 Evento: 65 € (Adestramento ou proba social)

Para o trámite da licenza SOCIAL enviarase a solicitude a FGM, unha vez rexistrados os datos do solicitante na aplicación, na web poderá pagala licenza e a continuación a inscrición. Toda a documentación e o pago debe ser realizado antes das 24:00 horas do mércores anterior ao evento no que se inscribe.

A licenza SOCIAL non é válida para participar en probas, adestramentos ou eventos que non sexan organizados ou aprobados/autorizados pola Federación Galega de Motociclismo.